



Acordo Marco de Colaboración entre a Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE), a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa (CEPYME) e BBVA-Banco Santander

Banco Santander e BBVA subscribiron un acordo de colaboración coa Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE) e a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa (CEPYME) para impulsar actuacións encamiñadas á mellora da competitividade das empresas españolas. Coa sinatura deste acordo, ponse á disposición das empresas afiliadas, a través das súas organizacións, unha liña de financiamento por un importe inicial máximo de 15.000 millóns de euros, dotada a partes iguais polas dúas entidades.

As condicións para a concesión dos créditos estableceranse en virtude das características concretas de cada operación, atendendo ao sector económico ao que pertenza a empresa, á solvencia, ao proxecto a financiar a ao prazo de amortización, con especial atención á pequena e mediana empresa.

Tanto BBVA como Santander, ademais da liña de financiamento que ofrecen ás empresas de CEOE e de CEPYME, poñerán á súa disposición un conxunto de solucións financeiras adecuadas aos distintos negocios e diferentes proxectos empresariais, utilizarán a súa ampla rede de distribución por todo o territorio nacional para facilitar o acceso ás solucións que demanden as empresas e deseñarán os novos produtos que poidan necesitar.

Para beneficiarse deles, só é necesario que as empresas interesadas se presenten en calquera oficina da rede de BBVA e Banco Santander, acrediten a súa condición de membros da Confederación e presenten un certificado acreditativo expedido pola Secretaría Xeral da CEC.

Para máis información:

.A través da Asesoría Económico-Fiscal da CEC

Teléfono: 981 133702

Fax: 981 132598

E-correo: economico.fiscal@cec.es

.En calquera oficina da rede BBVA e BANCO SANTANDER